

# MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



## VISITAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS

As visitas son un percorrido didáctico polas salas do museo, adaptado aos diferentes niveis educativos. As visitas poden ser comentadas, dinamizadas ou visitas-taller.

As visitas serán guiadas por un educador ou educadora do propio museo, que favorecerá o achegamento do alumnado ás distintas formas artísticas da colección dun modo dinámico e lúdico, fomentando a participación e a estimulación da creatividade. O profesor acompañante do grupo deberá estar presente en todo momento durante a realización da actividade.

O profesorado pode solicitar o envío de información específica sobre as actividades que os centros escolares realizarán. Tamén existe a posibilidade de que o profesorado desenvolva e guía a actividade, previa confirmación do Museo.

Sempre que se informe con certo marxe de tempo, o Museo poderá flexibilizar na medida do posible as súas propostas didácticas para tratar temas que se estean a desenvolver na aula no momento da visita.

A visita é gratuíta. O museo ten reservado un espazo para a parada do transporte escolar. Hai unha plaza exterior descuberta para merendar.

## CALENDARIO E HORARIOS

Desde o 17 de outubro do 2017 ata o 21 de xuño do 2018.

De martes a venres ás 10:00 e ás 11:30 h.

\*Os centros educativos que teñan dificultades para asistir ao museo neste horario (por motivos de procedencia xeográfica ou de organización do propio centro), poden poñerse en contacto con nós.

## DURACIÓN DAS PROPOSTAS EDUCATIVAS

Dependendo do tipo de actividade que se leve a cabo, durará entre 1 hora e 1 hora e 30 minutos.

## DESTINATARIOS

Escolares desde Educación Infantil (2 anos) a Bacharelato.

Grupos de 50 persoas como máximo.

## SOLICITUDE DE RESERVA DE VISITA

Teléfono – 881 881 700 (de luns a venres en horario de 09:30 a 14:00 h).

E-mail – [mu.belas-artes.difusion@xunta.es](mailto:mu.belas-artes.difusion@xunta.es)

Web do Museo – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=188>

Na nosa páxina web podes atopar unha serie de materiais educativos – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=402>

## PRIMEIROS PASOS NO MUSEO

**Tipo de Visita** Visita dinamizada

**Nivel** Educación Infantil (2 – 3 anos)

**Duración** 1 h

### Obxectivos

- Posibilitar unha primeira aproximación dos máis pequenos ao mundo dos museos
- A chegar a arte aos nenos e nenas de xeito lúdico e participativo
- Descubrir, a través da observación e o xogo, as distintas situacións e personaxes que agochan os cadros e as esculturas
- Coñecer os diferentes materiais empregados nas obras de arte
- Promover unha aprendizaxe significativa partindo das ideas previas
- Identificar as cores e as figuras dentro dunha obra artística

### Desenvolvemento da actividade



*Primeiros pasos no museo* é unha actividade concebida como unha primeira aproximación ao mundo dos museos por parte dos máis pequenos. Nesta visita percorrерemos os diferentes espazos e salas da institución e coñeceremos algunhas das súas pezas máis senlleiras. Partindo das ideas previas dos nenos e nenas, veremos cadros cheos de motivos familiares: o mar, as flores, os animais... facendo fincapé nas formas e cores que veremos neles. Ademáis descubriremos como se fan as obras de arte e que materiais son os que precisamos para construílas.

A nosa andaina comezará coa escultura *Nora para xentís peixes e xentís soños*, do artista lucense Paco Pestana. Nela coñeceremos a un dos personaxes máis queridos do museo, un ser fantástico sen nome nin memoria que nos acompañará o longo do noso percorrido.

Coa pintura *Volta á feira* de Roberto González descubriremos como se fai un cadro e axudaremos aos despistados granxeiros a recuperar os animais perdidos.

Fronte a *Muller con floreiro e flores* percibiremos as contrastadas cores da paleta de Manuel Colmeiro e recolleremos as flores amarelas que caeron do cadro.

Para rematar a visita veremos as pinturas de Luis Seoane e descubriremos como era a súa orixinal forma de pintar e, a través dun conto, coñeceremos o que lles sucedeu ás mariscadoras cando estaban a traballar na praia.

## DESCUBRINDO O MUSEO

**Tipo de Visita** Visita-taller

**Nivel** Educación Infantil (4 – 5 anos)

**Duración** 1 h 30 min

### Obxectivos

- Familiarizar aos escolares co mundo dos museos
- Achegar a arte dunha forma lúdica, adaptada á idade dos pequenos
- Descubrir, a través da observación, os diferentes elementos que aparecen nas obras
- Coñecer os materiais e os instrumentos empregados para facer unha peza artística
- Estimular a imaxinación a través da observación de cadros e esculturas
- Fomentar a creatividade coa realización dun obradoiro artístico

### Desenvolvemento da actividade

Nesta actividade adicada aos grupos de educación infantil, percorrерemos os diferentes espazos do museo e coñeceremos algunhas das súas pezas máis interesantes. Traballaremos dun xeito participativo e lúdico para facer da visita ao museo unha experiencia a lembrar.



Comezaremos o noso percorrido diante do *Xigante* de Francisco Leiro, reflexionaremos sobre onde podemos atopar esculturas, de que materiais poden estar feitas e

descubriremos como se constrúen. Tras observar e describir a figura, xogaremos a converternos nós mesmos en enormes esculturas viventes.

Coa enorme *Paisaxe* de Modesto Urgell, aprenderemos como elaboran os pintores os cadros e procuraremos os distintos elementos que compoñen a escena, descubriendo algúns segredos que agocha a obra.

A continuación traballaremos cos coloridos cadros de Luis Seoane, descubriendo a súa forma de pintar e coñecendo a simpática historia que lles sucedeu ás *Mariscadoras* cando foron traballar á beira do mar.

Completaremos o percorrido aprendendo como se facían os retratos na antigüidade e quen eran esas persoas tan serias que aparecen neles. Tamén coñeceremos a personaxes de lenda como Hércules, descubriendo as súas increíbles fazañas.

A actividade inclúe un obradoiro no que os rapaces reinterpretarán unha das obras traballadas durante a visita.

## O MAR NO MUSEO

**Tipo de Visita** Visita-taller

**Nivel** Educación Infantil (3 – 5 anos)

**Duración** 1 h 30 min

### Obxectivos

- Coñecer os diferentes aspectos do mundo mariño: o mar, a fauna, os elementos que compoñen a paisaxe e a interacción humana co medio
- Descubrir, a través da observación da obra de arte, escenas nas que se está a desenvolver unha acción, e nas que o protagonista é o mar
- Fomentar a observación, o descubrimento e a interpretación de imaxes a través do contacto directo coa obra de arte
- Promover a creatividade do alumnado de educación infantil co fío conductor dun tema tan apaixonante para eles como é o mar, tendo en conta os seus elementos reais e tamén fantásticos

### Desenvolvemento da actividade

Este percorrido é unha alternativa para os centros que xa visitaron o museo en Educación Infantil que queiran repetir visita neste nivel educativo, e tamén para todos aqueles que estean interesados na temática do mar e na súa representación na arte.



O mar é unha temática moi común dentro da nosa colección. Nas salas do museo podemos atopar moitos cadros de diferentes épocas e estilos que fan referencia ao mundo mariño: océanos, praias, cantís, mariñeiros, nenas que xogan á beira do mar, mariscadoras, barcos, polbos, sereas...

Neste percorrido queremos que o alumnado de educación infantil descubra con nós a relación entre a arte e o mar, a través das creacións de artistas como Urbano Lugrís (*Mariña surrealista*), Luis Seoane (*As mariscadoras*), Francisco Lloréns (*Costas galegas, Ría de Mera*) ou Paco Pestana (*Nora para xentís peixes e xentís sons*). Obras que teñen como vencello común a representación do mar e dos diferentes elementos asociados ao mundo mariño.

Partindo da observación da obra de arte, falaremos dos diferentes elementos das paisaxes de costa e da fauna mariña, escoitaremos os sons do mar, coñeceremos os traballos das mariscadoras e mariñeiros, e contaremos historias dos mundos fantásticos que se agochan nos fondos do océanos.

A visita inclúe un obradoiro no que os nenos e nenas terán que completar un álbum de cromos con cadros do museo, e debuxar cada un a súa interpretación persoal dos mundos mariños (quinto e sexto de educación infantil) ou facer un mural do fondo do mar (terceiro e cuarto de educación infantil).